

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE FEBREIRO

DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2008

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2008.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, solicita que se modifique a cuarta liña, do segundo parágrafo da páxina 40, onde di: “... En segundo lugar, denunciar a un funcionario municipal doutro concello que está facendo ...” debe dicir: “... En segundo lugar, denunciar que un funcionario doutro concello está facendo ...”. Tamén solicita que se elimine a última

frase do segundo parágrafo da páxina 41, que di: “Aclara que o que vai na súa casa”, porque el mesmo dixo que a retiraba durante a sesión ordinaria de xaneiro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, solicita que se modifique a última frase do cuarto parágrafo da páxina 26, xa que cando o Sr. Varela Tejedor está a dicir: “Non vai seguir falando deste tema, nin vai falar da contratación de Borja Quintela Casás por unha empresa constituída a instancia do BNG, como é Cambre Ocio” interrompeu a súa intervención e díxolle ao Sr. Varela que preguntase ao Sr. alcalde de quen era esa empresa, que el o sabía. Así pois, a cuarta alínea, in fine, queda redactada:

“Non vai seguir falando deste tema, nin vai falar da contratación de Borja Quintela Casás por unha empresa constituída a instancia do BNG, como é Cambre Ocio.

Nese momento, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Varela Tejedor que pregunte ao Sr. alcalde de quen é esa empresa, que el o sabe.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe que, por último, quere dicir que non vai cuestionar a valoración da honestidade dos tribunais dos que o Sr. Iglesias formou parte.”

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, pide tamén que se modifique o cuarto parágrafo da páxina 25 cando di: “Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o único que el viu foi unha fotocopia dun certificado compulsada por un funcionario de rexistro deste concello.”, xa que nese momento o Sr. Iglesias entrevistou para dicir: “Que di Sr. Varela, se ese certificado está asinado por vostede”. Así pois, queda redactado:

“Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o único que el viu foi unha fotocopia dun certificado compulsada por un funcionario de rexistro deste concello. Nese momento, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo interpela ao Sr. Varela Tejedor e pregúntalle que di, se ese certificado está asinado polo propio Sr. Varela Tejedor.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe que el o que comprobou é que ese curso está realizado e é moi fácil solicitar a certificación oficial correspondente.”

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar o borrador correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2008 coas modificacións propostas por don Felipe Andreu Barallobre e por don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

2º Proposta de formalización dun convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para ampliación do CEIP do Graxal II

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes, e do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 22 de febreiro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 26 de febreiro actual.

Toma a palabra don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, quen ratifica o voto favorable que o seu grupo emitiu na comisión informativa. Di que agardan que estea executada a obra á maior brevidade posible, dada a actual situación en que está o colexio, e entenden que é unha obra que non debe demorarse máis tempo. Aproveita tamén para dicir, en relación cunha das preguntas que despois presenta o seu grupo, que non só existen problemas no colexio do Graxal, senón que tamén os teñen outros colexios do Concello de Cambre, e por iso pide unha maior celeridade na tramitación do Plan Xeral para poder ter solo dispoñible para instalacións e equipamentos públicos para os colexios que dentro de pouco xa non van poder acoller a todos os nenos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, confirma o dito na comisión informativa a prol da ampliación do colexio polo necesario que resulta para a escolarización dos nenos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que modifican a abstención da Comisión Informativa, e que o voto do seu grupo vai ser favorable, con independencia de cal foi o método para a cesión da parcela, porque este convenio habería que facelo en todo caso.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Formalizar un convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a ampliación do CEIP do Graxal II, segundo o modelo

remitido a este concello pola citada consellería, e, para tal efecto, poñer a disposición, libre de cargas e gravames, sen reserva ningunha, o soar que a continuación se describe, cos usos urbanísticos e infraestruturas (abastecemento de auga, subministración eléctrica, saneamento e acceso rodado) que se relacionan no Anexo II do convenio, así como os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións necesarios, incluído o de levar a cabo os estudos xeotécnicos.

“Soar co núm. 1 da rúa Curros Enríquez, cunha superficie de 3.542 m².
Linda: Norte: co resto do terreo matriz; Sur, con máis propiedades do Concello de Cambre; Leste, resto de terreo matriz; e Oeste, coa rúa Francisco Rodríguez”.

O citado terreo ponse a disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a ampliación do CEIP do Graxal II, mantendo o concello a súa propiedade.

Segundo: En canto ás obrigas económicas, e segundo consta na cláusula cuarta do convenio, o concello colaborará economicamente na realización das obras, coa cantidade resultante da suma dos impostos correspondentes á taxa por licenza urbanística e ao Imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras que teñan a súa orixe nelas.

Terceiro: Segundo consta na cláusula quinta do convenio, o concello obrígase a asumir, unha vez recibidas as obras pola consellería, e logo da formalización da correspondente acta de entrega do inmovible ao concello, a súa xestión, mantemento e conservación.

3º Mocións

Fóra da orde do día, a secretaria da corporación dá lectura á proposta de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2008, respecto do nomeamento de representantes do Concello de Cambre no Consello de Participación da Galescola.

Sometida a votación ordinaria a declaración de urxencia da citada proposta, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, declara a urxencia da moción que se trata a continuación:

A) Proposta de Alcaldía respecto do nomeamento de representantes do Concello de Cambre no Consello de Participación da Galescola

Consta do seguinte teor literal:

“Con data 25 de febreiro de 2008 reuniuse a Comisión de Seguemento do Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre.

Como primeiro punto que figura na acta da reunión acordouse, segundo transcripción literal: *“proceder á constitución da Comisión Mixta de Seguemento, sendo a persoas designadas para esta Comisión:*

*Pilar Candocia Pita
Carlos E. Santos Mato
Carmen Tato Lago
Ana M^a Monje Barcia”*

No cuarto punto da citada acta acordouse, segundo transcripción literal: *“facer a petición para o nomeamento, por parte do concello, de dous representantes para a constitución do Consello de participación da Galescola”*.

En cumprimento do punto cuarto adoptado pola Comisión de Seguemento da Galescola e, por considerar que resulta máis efectivo que sexan as mesmas persoas as que representen esta Comisión de Seguemento que as do Consello de participación da Galescola, co obxecto de dar solución máis rapidamente ás peticións que fagan os seus membros.

A medio do presente formulo a seguinte proposta de acordo ao Pleno da Corporación:

Nomear como representantes do Concello de Cambre no Consello de Participación da Galescola á concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade dona Carmen Tato Lago e á coordinadora de Servizos Sociais dona Ana M^a Monje Barcia.”

Sometida a moción a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os sete concelleiros do PP, e abstéñense os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por catorce votos a prol, acordou aprobar a proposta de Alcaldía tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal popular para a instalación de transformadores eléctricos no Graxal

Rexistrada de entrada ao n.º 1861 o día 22 de febreiro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Nos últimos meses producíronse varias negligencias e incidentes en torno ás obras de instalación de sete transformadores no núcleo do Graxal do Temple. Os nosos veciños presenciaron e sufriron a mala xestión por parte das empresas instaladoras e responsables das obras. O último incidente produciuse pola rotura dunha tubaxe de gas no Paseo Marítimo que provocou que os veciños dos edificios cercanos tivesen que ser desaloxados das súas casas polo incendio que provocou a rotura da tubaxe de gas, ademais de causar feridas graves aos operarios que traballaban.

Estas actuacións están provocando un risco evidente para a seguridade dos veciños do Graxal así como das súas vivendas, debido sobre todo á falta de planificación das infraestruturas e canalizacións municipais e ao deixamento de funcións dos responsables municipais e das empresas contratadas e subcontratadas que non souberon garantir a seguridade e prever os riscos que leva consigo este tipo de obras adoptando as medidas de seguridade necesarias.

Veciños desta parroquia manifestaron as súas queixas aos concelleiros do Partido Popular pola falta de información que reciben por parte do concello sobre as obras que se realizan na zona; tanto á hora de conceder os permisos para a colocación dos transformadores, como á hora de informar sobre as actuacións que se van acometer así como as consecuencias que terán a instalación destes transformadores.

Esta é outra boa mostra dunha mala planificación urbanística que padecen os veciños do Temple dende hai máis de 20 anos debido ao nulo control de aspectos tan importantes como reservas de solo específicas e corredores de seguridade fóra de zonas residenciais para estas

infraestruturas eléctricas e evitar a súa instalación desordenada e caótica como é na actualidade pola falta de previsión do crecemento previsible que experimentou esta parroquia.

Dende o Partido Popular pregúntase ao equipo de goberno se á hora de conceder as oportunas licenzas a Unión Fenosa se tiveron en conta aspectos tan importantes como:

1. A emisión de ruídos dos transformadores para controlar o seu impacto acústico de xeito que non cause molestias aos veciños cercanos ao lugar onde estean instalados.
2. No caso dalgún tipo de avaría se as colocacións escollidas son as que menos problemas e molestias causarían para a súa reparación e/ou mantemento.
3. O risco de incendio dalgún destes transformadores, como no caso do que se pretende colocar na proximidade dun depósito de gasoil, coas repercusións que poderían ter en caso de producirse un incendio.
4. Se se tivo en conta se os veciños poden estar expostos a riscos de campos electromagnéticos de moi baixa frecuencia (CEM-BF), como poden ser os xerados por transformadores eléctricos de liñas de alta tensión.

Na rexión de Murcia xa houbo un precedente de sentenzas xudiciais pola emisión de campos electromagnéticos por transformadores como é o caso das emisións de campos electromagnéticos dun transformador de Iberdrola na rúa San Ignacio de Loyola, 2, de Murcia. O primeiro xuízo no Xulgado de 1ª instancia n.º 6, en 1996, ditaminouse a prol do demandante e contra da empresa eléctrica e a apelación que fixo Iberdrola ante a Audiencia Provincial de Murcia saldouse tamén contra esta polas emisións electromagnéticas do citado transformador en 2001.

Unha boa mostra da inquedanza que orixinaron os incidentes acontecidos, é que numerosos veciños da zona, preto duns 250 en poucos días, apoiaron coa súa firma a petición de que os transformadores sexan instalados en lugares alonxados das vivendas, logo do control das consecuencias que puidese ter a súa instalación nos lugares que finalmente sexan escollidos.

Por todo o exposto anteriormente o grupo municipal popular no Concello de Cambre presenta, para o seu debate e aprobación, as seguintes propostas

1. Solicitar un informe completo sobre actividades molestas, insalubres, nocivas e/ou perigosas que informen sobre as repercusións da instalación dos transformadores.
2. Solicitar a información sobre a emisión de campos electromagnéticos de moi baixa frecuencia (CEM-BF), xerados polos transformadores eléctricos.
3. Reunirse cos responsables de Unión Fenosa para o estudo dunha nova colocación dos transformadores de xeito que non coincidan en lugares próximos ás vivendas para evitar posibles molestias aos nosos veciños.
4. Revisar os proxectos e verificar que unha vez os transformadores instalados non emiten ruídos molestos para o contorno onde se atopen instalados.
5. Establecer un protocolo de actuación para os casos de mantemento, avaría, incendio de xeito que en caso de suceder unha situación deste tipo non provoque situacións de extremo perigo.
6. Cando se executen obras deste tipo esixir ao concello que extreme os controis sobre as empresas encargadas de realizar as obras de forma que non volva producirse ningún tipo de incidente como os expostos con anterioridade.”

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo asume plenamente o contido das propostas do PP, non a exposición de motivos, pero si as propostas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que lle parece que a parte dispositiva da moción é complementaria da moción do BNG que se aprobou no pleno ordinario de xaneiro respecto do establecemento de medidas de seguridade nas instalacións de distribución de gas no territorio municipal e, polo tanto, van aprobala, aínda que a redactarían doutra maneira.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que tamén o seu grupo vai aprobar a moción, pero quere dicirlle ao PP que eles teñen o mesmo respecto polas mocións que presenten, xa veñan acompañadas de 200, 1000 ou 200.000 firmas.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), tamén manifesta a súa conformidade coa moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol da moción os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción na súa parte dispositiva, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal popular para aumentar a vixilancia e seguridade no Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao n.º 1863 o día 22 de febreiro de 2008, don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, dá lectura o texto íntegro da moción.

Aberto debate, concédese a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, quen manifesta que, ao igual que no caso anterior, asumen as propostas, non así a exposición de motivos e, ademais, en canto á dotación orzamentaria, o orzamento vixente permite un incremento de tres axentes máis, e o resto faríase en canto os orzamentos deste ano se poidan aprobar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que a redacción da proposta parécelle moi desafortunada nalgúns dos termos que emprega, non obstante, están de acordo coa parte dispositiva agás nalgunha cuestión, en concreto refírese ao punto 3º cando se fala do valado da zona do auditorium, e da delimitación e/ou prohibición de acceso a determinadas zonas. Pensa que a situación non é tan grave nin tan nefasta como se cualifica nalgún sitio, e que se se poñen en marcha as medidas de protección necesarias, cos medios que ten o concello, cre que en ningún caso sería necesario chegar a eses extremos que poden dar idea de que aquí estamos vivindo nunha especie de Bronx dos anos 60-70, e pensa que non é en absoluto o caso.

Continúa dicindo que unha consideración a maiores que queren facer é que constantemente se fala de grupos, parece que hai grupos organizados que se dedican a isto, e efectivamente todos son conscientes do que fan determinados rapaces e rapazas cando se xuntan, pero

tamén é certo, e sábeno por propia experiencia, que en lugares moi determinados, como é o Parque da Igrexa, prodúcese unha deterioración constante, diaria, e non especialmente cando hai un acontecemento concreto. Cre que aí é onde están de acordo en que debería de aplicarse a proposta do PP. A policía debería actuar coas persoas normales e correntes que habitualmente frecuentan esa zona, para que, entre outras cousas, teñan coidado e máis responsabilidade co que fan os seus fillos e fillas. Probablemente se se comezaran a esixir responsabilidades, incluso económicas, polos danos que se producen (por exemplo cando xogan os nenos ou fan trastadas), os propios cidadáns corresponsabilizaríanse de que o que están usando é de todos, non é do concello ou dalguén en particular. Iso si sería máis importante. Para eles, non é o momento nin a situación para propoñer en firme a delimitación ou prohibición de acceso a zonas públicas e, en todo caso, o que se trataría neste momento é de que a xente nova, pero tamén os que non son tan novos, atendan a súa responsabilidade.

O Sr. alcalde toma a palabra e di que entenden que o que esta moción quere solicitar, en concreto, é que se desenvolva un plan de actuacións para calquera acto público que se execute, que se pon como exemplo o valado, pero que o que se quere e que se prevea cando se faga unha actividade o que poida pasar. Pensa que iso é o importante.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, di que o seu grupo non pretendía coa presentación desta moción ferir as sensibilidades de ningún grupo, de aí que acepten que se modifique. Eles o que queren é que haxa un maior control cando hai este tipo de eventos, que se tomen as medidas oportunas, as que sexan, para que non se volva repetir o que pasou no entroido. Un maior control policial, buscar alternativas para que non volva suceder, sobre todo no centro de Cambre, na zona do auditorio, detrás da igrexa, que é onde se concentran os grupos.

A secretaria da corporación pregunta ao Sr. Baamonde se entón o punto terceiro podería quedar redactado do seguinte teor literal: “Desenvolver un plan de actuación para os actos públicos que se celebran como: entroido, festival rock na ría, rock in Cambre, magosto xuvenil, etc. que preveñan que se poidan dar este tipo de situacións.”

O Sr. Baamonde López contesta que lle parece ben.

A continuación, concédese a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quen sinala que o seu grupo considera que xa hai bastante tempo, incluso 10 anos, que se veñen producindo actos deste tipo no Parque da Igrexa, no Campo da Feira, e noutros

lugares do concello. Tendo en conta que este concello ten unha Ordenanza de limpeza e ornato público e que moitas veces grupos de veciños e veciñas xa teñen presentado denuncias no concello respecto de actos deste tipo (e non di actos vándalicos como recolle en catro ocasións a moción, senón que solicita se retire esa expresión), entón a el parécelle que o que se está a facer dende o goberno é prevaricar. Evidentemente a policía, como recolle perfectamente a moción, escasamente patrulla por eses lugares, e todos poden ver como está o parque e como estaba hai uns anos. O grupo de goberno é consciente desa situación. Hai uns meses presentouse no pleno un rogo que contestou a concelleira de Servizos dicindo que o Parque da Igrexa estaba ben. Iso contestou no pleno e así consta en acta.

Por outra parte, continúa dicindo, solicítalle ao grupo popular que retire a palabra vandálico que aparece na moción en catro ocasións. Tamén no punto terceiro aparece a palabra prohibición que el substituiría por restrinxir e, ademais, eliminaría o do valado.

A secretaria da corporación lémbrale que o do valado e a prohibición xa ten acordado retiralo do texto da moción.

Don Luis Miguel Taibo Casás insiste en que o que propón é que se cambie a palabra vandálico.

Don José Antonio Baamonde López pregúntalle entón por que expresión a quere cambiar, e como considera que foron entón os actos que se cometeron durante as festas.

Don Luis Miguel Taibo contesta que o cambie polo que el queira, pero que a el non lle gusta falar de vandalismo, pode usarse calquera outra como pode ser “gamberrismo”.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, toma a palabra e sinala que independentemente de que se use a palabra “gamberrismo”, o que si cre é que todos os grupos municipais están de acordo co contido da moción, por iso o seu grupo está disposto a facer as modificacións que sexan necesarias para respectar todas as sensibilidades. Se o problema está en usar a palabra vandálico, e aínda que probablemente sexan sinónimos, eles non teñen problema en cambiala por “gamberrismo”.

Don Luis Miguel Taibo Casás só quere salientar que el, como presidente da súa comunidade de veciños, está especialmente interesado nestes temas, e que ten pedida unha reunión co Sr. alcalde para tratar precisamente dese e doutros temas.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol da moción os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción presentada, coas modificacións propostas polo BNG e EU-IU, polo que queda redactada como se transcribe a continuación:

“Como consecuencia dos últimos actos de gamberrismo acontecidos no núcleo de Cambre durante o pasado entroido nos que se viron pelexas ademais dun gran número de pintadas de spray que apareceron en diversos lugares como o auditorium, lugar onde se celebran ao longo do ano numerosos actos de interese cultural, árbores, baixos comerciais e vivendas, ademais dos danos cuantiosos aparecidos na igrexa, patrimonio artístico de incalculable valor, e ante o malestar xeral e a gravidade dos feitos acontecidos, o Partido Popular de Cambre considera a necesidade de tomar medidas urxentes para que este tipo de accións non volvan producirse.

Á súa vez orixinou unha grande indignación entre os veciños de Cambre o feito de que todo o mundo puido observar a existencia de postos de venda ambulante distribuindo os sprays (orixe das pintadas), ademais da venda indiscriminada de petardos a menores baixo ningún control por parte dos membros da policía local, tendo sorte de que non se produciu ningún tipo de desgraza persoal ante a venda deste tipo de produtos de xeito descontrolado.

Outro síntoma da nula ou mala xestión realizada por parte dos responsables municipais foi a circunstancia de que ata o luns non se limpou todo o lixo acumulado como consecuencia destas celebracións, soportando todos os veciños e visitantes durante todo o día do domingo o estado lamentable do Parque da Igrexa con todo o lixo espallado e dando un aspecto deplorable e inadmisibile para un concello como é o de Cambre.

Estas situacións estanse convertindo nos últimos anos de carácter habitual no núcleo de Cambre. Boa mostra diso é o que ocorre noutro tipo de actos como as actuacións no anfiteatro cos conseguintes estragos ademais de ensuciar a zona; tamén durante a celebración do festival rock os grupos de rapaces intentan sempre a “queima da palmeira” ademais do lanzamento de botellas e latas ás propiedades limítrofes como igrexa, etc.

Pero non só se dan este tipo de actos no núcleo de Cambre; A Barcala e O Temple tamén son núcleos que sufren destes actos de gamberrismo ante a falta de presenza policial e o escaso ou nulo control das zonas nas que habitualmente se concentran estes grupos e que campan ás súas anchas ante o deixamento e falta de control por parte dos responsables municipais. Soportais da Barcala e do Temple, Paseo Marítimo son outros exemplos de zonas nas que se producen de xeito habitual actos de gamberrismo por falta de control con consecuencias similares ás anteriormente mencionadas. Por todo o exposto anteriormente presenta para o seu debate e aprobación as seguintes propostas:

Dende o Partido Popular de Cambre solicitamos:

1. Incremento da presenza e control policial en zonas que entrañen risco de sufrir este tipo de actos en épocas nas que vaian a desenvolverse, coa finalidade de evitar nefastas consecuencias como as anteriormente mencionadas.
2. Ampliación da dotación orzamentaria para dotar de máis medios á policía local para o control das zonas máis necesitadas.
3. Desenvolver un plan de actuación para os actos públicos que se celebran como: entroido, festival rock na ría, Rock in Cambre, magosto xuvenil, etc. que preveñan que se poidan dar este tipo de situacións.
4. Recuperación do sistema operativo de policía de barrio co fin de incrementar a súa presenza nas zonas (principalmente A Barcala, Temple e Cambre) para disuadir a estes grupos de cometer actos de gamberrismo contra os nosos bens e patrimonio, ademais de ter un maior control e vixilancia das zonas.”

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

D) Moción do grupo municipal do BNG respecto da cesión da parcela para a ampliación do CEIP do Graxal

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen explica que esta moción foi presentada en prazo o día 23 de febreiro de 2008, pero que no día de onte tiveron coñecemento dun informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime

Interior, e seguindo as indicacións técnicas que se facían nese informe presentaron hoxe, día 28, unhas emendas á parte dispositiva da súa propia moción, solicitando ao mesmo tempo que se lle dera traslado urxente delas aos voceiros dos outros grupos municipais.

Dado que as emendas só afectan á parte dispositiva da moción orixinal, considera que o máis correcto é ler a exposición de motivos que se tiña presentado, pero engadindo na parte dispositiva as modificacións efectuadas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dá lectura á moción rexistrada de entrada ao n.º 1866 o 23 de febreiro actual, coa modificación á parte dispositiva segundo escrito rexistrado de entrada ao n.º 2121 o 28 de febreiro actual. Consta do seguinte teor literal:

“A dotación de novos equipamentos sociais de todo tipo é unha necesidade perentoria no noso concello. Sobre todo en aspectos básicos como os educativos, como ter o número e calidade suficiente de prazas escolares. A permisividade e alento a construción desmedida de vivendas, sen que se acompañara da adquisición de patrimonio de solo para dotacións públicas tennos levado a unha situación de colapso.

Para remediar esta situación non serve calquera solución, sobre todo cando algunhas poden supoñer un agravamento dos problemas de saturación e falta de servizos en prazos moi próximos.

O convenio urbanístico asinado polo alcalde para obter a cesión da parcela anexa ao CEIP do Graxal é un caso destas características. Entendemos que máis pensado para favorecer os intereses particulares dos propietarios que para velar polo interese xeral de Cambre e, sobre todo, dos veciños do contorno do colexio.

Condénase unha zona verde para autorizar un novo edificio nunha zona que non soporta unha vivenda máis. Deixarase na sombra permanente ao colexio e á súa ampliación. Cométese un fraude coas ducias de veciños que adquiriron unha vivenda en edificios que daban a un futuro parque e a un colexio. Todo, a cambio, dunha suposta cesión gratuíta que non é tal. Porque, ademais, o alcalde sabe que os prazos aos que se comprometeu non se van a cumprir, como sempre, e a indemnización aos propietarios polo incumprimento do convenio tocaralle a outro goberno onde el non estará.

Por estes motivos o grupo municipal do BNG de Cambre propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

1- Manifestar o rexeitamento do pleno en relación co convenio urbanístico asinado polo alcalde o 10 de maio de 2007 cos propietarios da parcela necesaria para a ampliación do CEIP do Graxal.

2- Manifestar que o pleno do Concello de Cambre, órgano competente na aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana, non admitirá a ocupación de zonas verdes ou espazos públicos tal como se reflicte no convenio asinado.

3- Darlle instrucións aos redactores do PXOU para que na documentación que presenten a este pleno non se inclúan modificacións nin propostas que supoñan a ocupación con usos residenciais dos espazos públicos correspondentes ao ámbito obxecto do convenio.

4- Manifestar a disposición do Concello de Cambre a establecer negociacións para o pago da parcela, no caso de que os propietarios quixeran adiantarse ao prazo estipulado no convenio urbanístico mencionado.”

A continuación, concédese a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, quen manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción presentada polo BNG. Unicamente quixeran engadir un punto quinto no que se solicite aos técnicos municipais que realicen un estudo relativo ás posibles alternativas á expropiación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non ten problema en engadilo. Eles pensan que tamén eran viables outras opcións no inicio do procedemento negociador. En todo caso, queda aberto a calquera posibilidade, manifestaron a súa pero hai outras que non son contradictorias. O seu grupo pensa que o que debe quedar claro, é que lle propoñen ao pleno, que os espazos públicos que hai entre o colexio e os edificios existentes non deben ser ocupados para usos residenciais. En todo caso calquera outro método dentro da legalidade urbanística vixente, e dentro dos intereses xerais do Concello de Cambre, pode ser aceptable ademais do que eles propoñen.

Toma a palabra don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, para clarificar a posición do seu grupo. Di que o problema que presenta a moción do BNG, que comparten plenamente, é que se se aproba, dentro duns anos haberá que indemnizar obrigatoriamente aos propietarios deses terreos, e eles nin están de acordo con que se faga un edificio de sete plantas ao carón do colexio, nin tampouco están de acordo con ter que indemnizar a unha familia cuns 500.000 euros, máis o IPC dende que se asinou o convenio. O Concello de Cambre ten

bastantes necesidades como para ter que pagar tal cantidade de diñeiro. Cren que pode haber outras posibilidades. Saben que hai algún técnico do concello que xa as está a estudar e, por iso, queren que se presenten por escrito para que o pleno se pronuncie.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o sentido de presentar unha emenda á súa propia proposta foi precisamente adecuar a parte dispositiva ao ordenamento xurídico. En principio propoñían iniciar o procedemento expropiatorio e de compensación aos propietarios, porque non pretendían que o concello acadase nada gratis, prexudicando a eses propietarios. Como isto podía traer algún tipo de repercusión negativa, e o beneficio acadado podía ser peor que o dano que pretendían evitar cunha posible indemnización por danos e prexuízos, foi polo que modificaron a súa proposta. Evidentemente, o normal é que a negociación sobre o pago non se realice ata que quede claro que no Plan Xeral non se vai permitir o uso residencial dese terreo. Se nese momento pola parte técnica e pola parte política se decide outra opción que sexa legal, e que sexa útil para o interese xeral de Cambre, o seu grupo apoiarano. Polo tanto, aceptan que se inclúa ese quinto punto que propón o PP, porque aínda que lles parece difícil que se produza, pensan que no seu momento poden existir outras posibilidades aceptables.

Así pois, o punto quinto quedaría redactado do seguinte teor: Solicitar dos técnicos municipais que realicen un estudo relativo ás posibles alternativas á expropiación.

A continuación, concédese a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quen manifesta que eles van apoiar a moción do BNG, pero pide que se recolla nela unha emenda no sentido de incluír un punto que, xa no seu día, o seu grupo presentou como moción. Trátase de buscar solución ao aparcamento no Graxal. Por isto pide que por parte dos técnicos do concello se busque a viabilidade, se tecnicamente é posible, de facer un aparcadoiro soterrado no subsolo. No Graxal existe unha necesidade imperiosa de lugares onde aparcarse, e esta sería unha oportunidade de acadar ese aparcadoiro, e incluso de que se revaloricen os terreos. Se os concelleiros do BNG aceptan incluír este punto na moción, o seu grupo está disposto a apoiálos.

O Sr. alcalde explica que eles xa fixeron unha consulta neste sentido, e que Educación contestou que quere a parcela libre, por motivos de seguridade, non queren ningún tipo de aparcadoiro, nin ningunha instalación que non sexa complementaria do colexio.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que el se refire a que van quedar unha serie de terreos liberados e quere saber se neles, tecnicamente, é posible facer un aparcadoiro.

O Sr. alcalde expón que isto haberá que velo cando se vexa o Plan Xeral, non é iso o que aquí se está a decidir. O que agora hai que facer son as obras para o colexio.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que a proposta do seu grupo é a que xa dixo, ver se nos terreos liberados se pode construír un aparcadoiro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non teñen inconveniente en incluír os termos propostos polo Sr. Taibo na súa moción, aínda que el tamén ten as súas dúbidas respecto de que unha parcela para un colexio se poida aproveitar para facer un aparcadoiro, pero que, en todo caso, serán os técnicos os que o teñen que dicir.

Continúa dicindo ao Sr. alcalde que todos saben que o momento procedimental onde se vai tomar a decisión última sobre a utilización da zona vai ser a aprobación inicial e a aprobación final do Plan Xeral, pero que están nun momento en que se produce a cesión dunha parcela, e parecíalles que era o momento adecuado para expresar a súa vontade de que as zonas dedicadas a espazos públicos non se utilicen para usos residenciais. Prefiren que se pague, ou que se busque outro método, como comentaron antes outros compañeiros, e que queden liberados os terreos. Ademais, presentaron o tema aquí porque é o pleno o órgano competente para aprobar o Plan Xeral cando chegue o momento.

A continuación, concédese a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), quen manifesta que está de acordo coa moción do BNG, porque recolle os mesmos planteamentos que xa fixo el tanto no pasado pleno como nas comisións informativas. Parécelle que hipotecar con este tema á próxima corporación é unha barbaridade, e reitera que el o que pensa é que se debería pagar agora o custo dos terreos.

Antes de levar a cabo a votación, o Sr. alcalde pregunta ao Sr. Iglesias Oviedo se está de acordo en incluír como punto sexto o proposto polo voceiro de EU-IU.

Don Henrique Xabier Iglesias contesta que o que están dando é unha recomendación ao redactor do Plan Xeral para que no documento inicial que se traía ao pleno non se contemplan edificios nesa zona. Outra cousa é que, como son espazos públicos, o pleno poderá decidir, no seu momento, a que tipo de equipamentos ou usos públicos se van dedicar, por exemplo, perfectamente se pode decidir construír un aparcadoiro soterrado que teña espazo libre na súa superficie para a xente. Sería un posible uso, e por iso o grupo do BNG non ten problema en que iso figure agora na moción como un desexo da corporación.

Estase a falar dos terreos que quedan fóra da parcela do colexio, xa que nesa parcela xa a propia Consellería de Educación manifestou que debe estar libre de cargas. Neste sentido é unha recomendación a maiores de que non se constrúan edificios de vivendas nese lugar, e que unha das posibilidades que se contemplan sexa a construción dun aparcadoiro soterrado. Con iso é co que están de acordo.

Así pois, o punto sexto quedaría redactado do seguinte teor literal: Que polos técnicos municipais se estude a posibilidade de levar a cabo a execución duns aparcadoiros subterráneos nos terreos que quedan liberados á marxe da ampliación do colexio.

Sometida a votación ordinaria a aprobación da moción, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Manifestar o rexeitamento do pleno en relación co convenio urbanístico asinado polo alcalde o 10 de maio de 2007 cos propietarios da parcela necesaria para a ampliación do CEIP do Graxal.

Segundo: Manifestar que o pleno do Concello de Cambre, órgano competente na aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana, non admitirá a ocupación de zonas verdes ou espazos públicos tal como se reflicte no convenio asinado.

Terceiro: Darlle instrucións aos redactores do PXOU para que na documentación que presenten a este pleno non se inclúan modificacións nin propostas que supoñan a ocupación con usos residenciais dos espazos públicos correspondentes ao ámbito obxecto do convenio.

Cuarto: Manifestar a disposición do Concello de Cambre a establecer negociacións para o pago da parcela, no caso de que os propietarios quixeran adiantarse ao prazo estipulado no convenio urbanístico mencionado.

Quinto: Solicitar dos técnicos municipais que realicen un estudo relativo ás posibles alternativas á expropiación.

Sexto: Que polos técnicos municipais se estude a posibilidade de levar a cabo a execución duns aparcadoiros subterráneos nos terreos que quedan liberados á marxe da ampliación do colexio.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

E) Moción do grupo municipal do BNG para a revisión de oficio da resolución do tribunal cualificador do concurso de provisión de prazas de auxiliares administrativos de agosto de 2007

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen explica que con esta moción pasou algo similar ao que pasou coa moción anterior. Foi presentada dentro de prazo o día 23 de febreiro de 2008, e no día de onte tiveron coñecemento do informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, respecto do sentido das propostas presentadas. Seguindo as indicacións técnicas que se facían nese informe, o BNG presentou no día de hoxe unhas emendas á parte dispositiva da moción.

Continúa dicindo que dado que as emendas só afectan á parte dispositiva da moción orixinal e non á parte expositiva, vai facer como no caso anterior, dará lectura á exposición de motivos que tiñan presentado, engadindo como parte dispositiva as modificacións efectuadas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dá lectura á moción rexistrada de entrada ao n.º 1868 o 23 de febreiro actual, coa modificación á parte dispositiva segundo escrito rexistrado de entrada ao n.º 2120 o 28 de febreiro actual. Consta do seguinte teor literal:

“A análise do informe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do Concello de Cambre, a instancias da decisión adoptada polo pleno, non ven senón a confirmar a denuncia exposta polo BNG, e os demais grupos municipais, excepto o socialista, sobre graves irregularidades cometidas na resolución e adxudicación de prazas deste concurso.

Confirma que se produciu unha vulneración das bases da convocatoria, das regras de xogo, totalmente inadmisibles nunha sociedade como a nosa.

Como xa quedou demostrado no pleno de xaneiro, unha tras outra, as bases, as normas establecidas para puntuar os méritos das persoas concursantes foron “*papel mollado*” ao que non se lle prestou a máis mínima atención. Pasouse por alto todo rigor e ecuanimidade e, froito diso, foron nomeadas persoas como funcionarias sen ter os méritos necesarios e, pola contra, persoas que si contaban con eles, víronse relegadas e discriminadas no acceso a un posto de traballo público. Curiosamente, como explicamos no seu momento, foron tres persoas do contorno político e persoal do goberno socialista as beneficiadas deste cúmulo de irregularidades.

A desmesura desta decisión, supera os límites admisibles do erro ou do descoñecemento. Mesmo, para quen tivemos, en cumprimento da nosa función e obriga, que analizar este expediente, pode alcanzar a cualificación de fantástico, de impropio dun estado de dereito como no que vivimos. Observando as contestacións do tribunal ás tímidas reclamacións presentadas por algunha das concursantes, á vista dos resultados, estamos máis convencidos aínda de que este concurso estaba resolto antes do seu final e que, algunha das persoas nomeadas funcionarias interinas, estaban designadas “*de facto*” antes do inicio do expediente.

Pero vivimos nun estado de dereito, como antes dicíamos, e existen mecanismos para facer respectar os dereitos das persoas.

Dereitos fundamentais das persoas, recoñecidos pola Constitución e o ordenamento xurídico foron vulnerados neste proceso. Non se aplicaron as bases do concurso á hora de baremar os méritos achegados polas persoas concursantes. Desta maneira adquiriron a condición de funcionarios interinos persoas que non reunían requisitos necesarios e, foron rexeitadas outras que tiñan méritos suficientes. Rompeuse, polo tanto, o principio de igualdade e mérito no acceso á función pública. E iso queda demostrado no informe achegado polo departamento de Réxime Interior cando confirma que a aplicación das bases do concurso, nomeadamente a 6ª e a 7ª (valoración de méritos e entrevista), non teñen posibilidade de interpretación. Isto é, que os cursos de formación teñen que ser certificados por organismos oficiais, e explica que é e que se entende por organismo oficial, ou que a vida laboral se demostra con copia compulsada de contrato de traballo e, xunto con ela, por certificación da tesourería da Seguridade Social, exclusivamente. Ou, en referencia a base 7ª, a referida a entrevista, e ás preguntas sobre coñecementos que nela se formularon, evidentemente fóra de lugar nun concurso como este.

Estamos, pois, diante dun acto con graves vicios que, nos aspectos penais será a administración de xustiza quen teña que determinar as responsabilidades, como así decidimos en xaneiro, pero que, nos aspectos administrativos corresponde a este pleno corrixir a situación.

Neste sentido propoñemos ao pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

1- Que se inicie a revisión de oficio da resolución deste expediente, consonte ás disposicións legais vixentes: Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e, Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado. E que se inicien todos os trámites necesarios para a nulidade deste acto.

Que se abra o trámite de audiencia, por un período de dez días, notificando ás persoas afectadas, para que presenten as alegacións que estimen adecuadas referidas aos seguintes extemos, relacionados coa incorrecta aplicación das bases do concurso por parte do tribunal cualificador e, polo tanto, coa vulneración do ordenamento xurídico efectuada na resolución de cualificación e aprobación do tribunal e, na posterior de nomeamento de funcionarios interinos asinada polo concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior.

A vulneración das bases da convocatoria concrétese no seguinte:

M^a José Muñiz Fernández

- Incumprimento da base 6-a, de valoración de méritos por experiencia laboral, por non ter achegado contratos de traballo compulsados que deran testemuña do posto de traballo ocupado e, da certificación da vida laboral emitida pola tesourería da Seguridade Social, que verificaran o tempo traballado. A esta concursante concedéronse 8 puntos, cando, pola documentación achegada, tería que ser cualificada con 0.

- Incumprimento da base 6-b, de valoración de méritos de formación, por ter sido puntuada por cursos de entidades que non son organismos oficiais. Ademais de valorarse certificacións de dubidosa legalidade. A esta concursante cualificóuse con 2 puntos cando o máximo, segundo a documentación presentada debería ser 0,20.

- Incumprimento da base 7, que regula a entrevista curricular, por ter sido puntuada como unha proba de coñecementos e, ademais, de maneira desproporcionada respecto das demais concursantes.

Marta Patiño López

- Incumprimento da base 6-a, de valoración de méritos por experiencia laboral, por non ter achegado contratos de traballo compulsados que deran testemuña do posto de traballo ocupado e, da certificación da vida laboral emitida pola tesourería da Seguridade Social, que verificaran o tempo traballado e, que se correspondan coa puntuación acadada. A esta concursante concedéronse 7,60 puntos, cando, pola documentación achegada, tería que ser cualificada cun máximo de 1,60 por experiencia laboral na empresa privada e, 0 puntos por traballos na administración.

- Incumprimento da base 6-b, de valoración de méritos de formación, por ter sido puntuada por cursos de entidades que non son organismos oficiais. Ademais de valorarse certificacións de dubidosa legalidade. A esta concursante cualificóuselle con 3 puntos cando o máximo, segundo a documentación presentada debería ser 1,15.

- Incumprimento da base 7, que regula a entrevista curricular, por ter sido puntuada como unha proba de coñecementos e, ademais, de maneira desproporcionada respecto das demais concursantes.

Guadalupe Carlavilla Rodríguez

- Incumprimento da base 6-a, de valoración de méritos por experiencia laboral, por non ter achegado contratos de traballo compulsados que deran testemuña do posto de traballo ocupado e, da certificación da vida laboral emitida pola tesourería da Seguridade Social, que verificaran o tempo traballado. A esta concursante concedéronse 8 puntos, cando, pola documentación achegada, tería que ser cualificada con 0.

- Incumprimento da base 6-b, de valoración de méritos de formación, por ter sido puntuada por cursos de entidades que non son organismos oficiais. Ademais de valorarse certificacións de dubidosa legalidade. A esta concursante cualificóuselle con 2,15 puntos cando o máximo, segundo a documentación presentada debería ser 1,75.

- Incumprimento da base 7, que regula a entrevista curricular, por ter sido puntuada como unha proba de coñecementos e, ademais, de maneira desproporcionada respecto das demais concursantes.

Resto dos concursantes nomeados funcionarios

- Incumprimento da base 7, que regula a entrevista curricular, por ter sido puntuada como unha proba de coñecementos e, ademais, de maneira desproporcionada respecto dos demais concursantes.

2- Que, unha vez cumprimentado o trámite de audiencia, se traslade ao primeiro pleno da corporación que teña lugar a resolución sobre as alegacións presentadas e, de proceder, se declare lesivo para o interese público a resolución de cualificación e aprobación do tribunal e a resolución de nomeamento de funcionarios interinos deste concurso.

3- Que se proceda, no prazo máximo de dez días, á convocatoria urxente mediante oposición, das cinco prazas de auxiliares administrativos obxecto do concurso de interinaxe.”

Concédese a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, quen quere deixar ben claro que a intención do PP é que se aclare o asunto motivo de discusión. Sinala que non poden dicir que non á nulidade, porque a acción de nulidade non prescribe. Non obstante, no pleno do mes pasado o PP aprobou unha moción de urxencia porque entendían que había ou podía haber unhas irregularidades no proceso. Desa moción deuse traslado ao Tribunal Superior de Xustiza e ao Valedor do Pobo, e pensan que deben ser eses órganos os encargados de xulgar. Eles teñen o dereito a denunciar, como xa fixeron, pero cre que non lles corresponde o deber de xulgar.

Continúa dicindo que, respecto da mención que se fai na moción de tres persoas concretas, unha delas, por motivos persoais, non ocupou a praza, así que, en realidade, estase a falar de dúas persoas, pero non hai que olvidar que hai outras tres máis, e non se pode xogar co posto de traballo desas persoas, por iso, o PP esperará aos informes dos órganos competentes, o Fiscal e o Valedor do Pobo, e logo actuarán en consecuencia. E quere deixar ben claro que se aprobaron a moción do mes pasado é porque entendían que podían existir esas irregularidades.

Segue a dicir que nos puntos 1 e 2 non poden estar de acordo co BNG, pero si no punto 3. Si que están dispostos a aprobar o punto 3 que se refire a que en dez días se leve a cabo a convocatoria urxente da oposición para cubrir estas prazas, e agarda que o goberno local acceda a esa petición como proba de transparencia.

Toma a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quen manifesta que o seu grupo pensa que esta moción está en sintonía co dito e presentado polos distintos grupos no pleno do mes de xaneiro, tendo en conta, ademais, que nese pleno se pediu a dimisión do Sr. alcalde e do primeiro tenente de alcalde. En todo caso, gustaríalles engadir unha pequena emenda á moción do BNG, porque desconfían do que se vaia facer. Queren que as bases para a contratación dos auxiliares se faciliten aos grupos da oposición antes da súa aprobación, para que exista a posibilidade de presentar algunha alegación ou suxestión. Por iso, se o grupo do BNG está de acordo, gustaríalles engadir no punto 3 esta achega.

A continuación concédese a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), quen expón que dado que efectivamente, no pasado pleno ordinario se retirou a confianza tanto ao Sr. alcalde como ao primeiro tenente de alcalde, entende que as bases deben analizarse antes da súa aprobación. Por iso vai apoiar a moción do BNG coa modificación de EU-IU ao punto 3.

Concedida a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, di que, en primeiro lugar, quere deixar claro ante o pleno e ante o público asistente, que os informes técnicos que figuran no expediente deixan ben claro que non existen responsabilidades políticas nin administrativas na tramitación do concurso, en todo caso, o que poden ter existido son erros de apreciación, de valoración do tribunal. O seu grupo entende que o que procedía respecto da valoración, equivocada ou non, era interpoñer os recursos ordinarios, e non houbo ningún.

Engade que, por outro lado, entenden que coa moción aprobada no pleno do mes pasado sobre a remisión do asunto ao Fiscal e ao Tribunal Superior de Xustiza, son estes órganos xurisdiccionais os que teñen que adoptar as medidas pertinentes. O expediente completo xa lles foi remitido.

En canto á proposta do PP, o grupo de goberno acepta plenamente o compromiso da convocatoria urxente dunha oposición para cubrir as prazas con funcionarios de carreira, unha vez se cumpran os trámites procedimentais esixidos no mínimo tempo posible.

O Sr. alcalde sinala, respecto do punto terceiro da moción, que a convocatoria das prazas non é unha competencia do pleno, senón que é unha atribución do alcalde.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, di que cre que o proceso de selección desas cinco prazas se fixo en dous días, e pensa que agora, polas condicións de hixiene democrática e demais, tamén se debería facer con esa rapidez.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non é o mesmo convocar de novo estas prazas como prazas para funcionarios interinos, que falar de prazas definitivas de funcionarios de carreira, porque non é o mesmo o procedemento de urxencia para funcionarios interinos, que está previsto nunha orde ministerial e no propio Estatuto do Empleado Público, que as prazas de funcionarios de carreira, que teñen outros requisitos que cumprir, aínda que tampouco excesivamente longos, e di que asume o compromiso de que, cumprindo cos prazos mínimos previstos para estes procedementos, se saquen as prazas a cubrir por funcionarios de carreira. Así evítase todo tipo de interinaxe.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, efectivamente, estanse a referir á convocatoria desas cinco prazas como funcionarios fixos, mediante oposición, non mediante concurso ou concurso-oposición. Ademais, están de acordo en incorporar á súa moción a emenda que propuxo o Sr. Luis Miguel Taibo, respecto do coñecemento previo das bases polos distintos grupos políticos, porque aínda que se trate dunha oposición, nas bases e nos tipos de exames pode haber diferenzas.

Continúa dicindo que tamén coñecen que é unha competencia do alcalde, delegable no seu tenente de alcalde, facer as convocatorias de persoal, pero que en todo caso, o que teñen aquí é unha manifestación política que, como mínimo, será unha forza moral para que o titular desa competencia a teña en conta. Por iso van manter a moción, aínda que saiban perfectamente que non o poden impoñer, porque sería unha invasión de competencias que non lle corresponden ao pleno.

Segue a dicir que é certo que dos informes técnicos se poden sacar frases descontextualizadas e pensar que lles están a dar a razón, como puideron ver nalgúns dos titulares de prensa desta fin de semana, pero nas cuestións que o conxunto dos grupos municipais da oposición trouxeron ao pleno o día 31 de xaneiro, os informes técnicos, tanto o do mes pasado como o que se fixo para esta moción, non deixan lugar a dúbidas, ao recoñecer a vulneración das bases da convocatoria e que, polo tanto, as resolucións de selección de persoal e de nomeamento foron incorrectas, e non cumpriron coas bases nin co ordenamento xurídico. Efectivamente, eles saben que a convocatoria, a aprobación das bases, a publicación das listas de admitidos, os recursos a esas listas, etc., todos eses trámites

non teñen irregularidades, e contra iso ninguén dixo nada. Onde si se atopan esas irregularidades é na aplicación das bases.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que tamén lle gustaría contestar ao PP, porque é fundamental para a aprobación desta moción. Di que o que teñen aquí é unha oportunidade de que un tema tan desagradable, que lles está facendo perder tanto tempo, quede revisado dunha vez, e que non se adíe. O pleno é o órgano competente para revisar unha resolución equivocada. Podería facerse máis adiante, pero o único que se faría con iso é prolongar a agonía do proceso e a perda de tempo dos representantes públicos e dos funcionarios. Pero di que o PP é soberano para saber porque inicia unha denuncia e porque non a culmina agora. Parécelle que é respetable pero non o comprende.

Continúa a dicir que eles non están a xogar cos postos de traballo das persoas. A eles o que lles preocupa moito son os postos de traballo que puideron sacar as 75 persoas que se presentaron, e as 18 ou 20 que acadaron pasar á segunda fase da entrevista, e que foron baremadas. Iso é o que realmente lles preocupa, e iso é o que se vulnerou aquí, o dereito que todo o mundo ten ao acceso ao emprego público, o dereito a que non se entreguen a dedo determinadas prazas. Esa é a súa preocupación, que pode parecer dura nalgúns momentos, pero que é a súa obriga. Por todo isto insta a todos os grupos municipais a que voten a prol da moción, para que todo isto acabe canto antes e, en pouco tempo, se poida comezar a traballar en cousas moito máis interesantes.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, quere matizar que existen dous problemas básicos. Por un lado, que hai tres persoas sobre as que non se comete ningún tipo de irregularidade, e por iso o seu grupo se posiciona a prol deles. Di que os concelleiros do PP non están para nada en desacordo coa moción do BNG, pero que esas tres persoas se verían directamente afectadas pola declaración de nulidade. Por outro lado, en Dereito Penal existe unha parte segundo a cal o Fiscal debe pronunciarse sobre as posibles irregularidades do proceso, e por iso será unha vez que se teña pronunciado e se teñan constatado as irregularidades, e se ademais non se sacan as prazas a oposición, sería nese momento cando eles deberían intervir. Isto non quere dicir que non estean de acordo coa moción do BNG, o que pasa é que teñen que pensar neses tres funcionarios que adquiriron por mérito e capacidade as súas prazas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que son as tres persoas que eles citan na moción as que teñen que presentar alegacións, non as outras. Ademais, o que eles propoñen é exercer a

competencia que lles corresponde, non queren que se pase a outros para que resolvan problemas que poden resolver eles.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que aquí ninguén está en contra de ningún traballador. O que están é a prol de que todas as persoas teñan o mesmo dereito ao acceso á función pública.

Don Felipe Andreu Barallobre di que efectivamente todo o mundo ten o mesmo dereito, e que se se fai un novo procedemento as persoas que teñan méritos para entrar, entrarán.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, contesta que, en primeiro lugar, a intención do grupo de goberno é facilitar que se aclare esta cuestión, entendendo que pode haber erros humanos e que o tribunal se pode ter equivocado na valoración. En segundo lugar, que a transparencia, a igualdade e o respecto á lei se garantiza coa remisión do expediente ao Fiscal. En terceiro lugar, que como ben dixo o concelleiro do PP, a actuación do Ministerio Fiscal prima sobre os procedementos administrativos, e haberá que agardar a que se pronuncie para poder actuar. E, en cuarto lugar, reitera que o grupo de goberno se compromete á convocatoria das cinco prazas de funcionarios de carreira no menor tempo e prazo previsto pola lexislación vixente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo lembra que o PSdeG-PSOE votou en contra da remisión do expediente ao Ministerio Fiscal.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que cre que foi pola confusión derivada da situación, pero que tras falar cos seus compañeiros quedou claro que todos están de acordo co envío.

Sometida a votación ordinaria a aprobación da moción do BNG, coa modificación no punto terceiro proposta polo grupo municipal de EU-IU, votan a prol os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), votan en contra os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP. Dado que se produce un empate, efectúase unha nova votación, con idéntico resultado que a anterior, polo que decide o voto de calidade do Sr. alcalde.

A corporación, por sete votos en contra, en aplicación do voto de calidade do Sr. alcalde, rexeita a moción presentada polo BNG.

A continuación, don Francisco Javier Varela Tejedor, lembra que habería que votar agora a proposta que fixo no seu momento o PP respecto de aprobar unicamente o contido do punto terceiro da moción presentada polo BNG.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, di que se trataría dese punto terceiro, pero incluíndo a proposta de EU-IU relativa a que se dea traslado aos grupos políticos municipais das bases da contratación antes de que sexan aprobadas.

A secretaria da corporación pregunta entón se o que se quere votar é a mesma exposición de motivos da moción do BNG pero deixando como único punto da parte dispositiva o que aparecía sinalado co número 3, e incluíndo, ademais, a proposta de EU-IU.

Neste momento, toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, quen manifesta que non está de acordo con que se desvirtúe a moción presentada polo BNG. Que eles como grupo proponente aceptaron a suxestión de EU-IU, pero non estiveron de acordo coa proposta do PP, e que polo tanto non están de acordo con que se utilice a súa moción, que o que debería de facer o PP é presentar a súa propia proposta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, di que antes de facer a proposta quere saber que prazo vai levar o proceso para convocar a oposición. Ao seu grupo desagradoulle profundamente o que pasou aquí, así que non lle serve que se diga que o proceso se levará a cabo o máis rápido posible, quere saber cal é ese prazo, porque quedou claro que non se pode confiar.

A secretaria municipal contéstalle que tendo en conta o proceso do que se trata é imposible dar un prazo exacto, xa que se trataría de elaborar unhas bases, desas bases, segundo están solicitando, teríase que dar traslado aos grupos municipais, e despois debería de seguirse co resto do procedemento. Cre que podería estar no prazo dun mes, pero é imposible decilo nestes momentos.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe que o grupo de goberno, como xa manifestou anteriormente, comprométese a sacar a convocatoria das cinco prazas de funcionarios de carreira á maior brevidade posible, e dará unha copia aos voceiros antes da súa aprobación.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

F) Moción do grupo municipal de EU-IU para o cubremento das instalacións deportivas de Pravio e Sta. M^a de Vigo

Rexistrada de entrada ao n.º 1856 o día 22 de febreiro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“En repetidas ocasións ten xurdido nos debates dos plenos municipais a necesidade de dar resposta eficaz aos problemas derivados da transformación do Concello de Cambre, nun territorio en acelerado proceso de urbanización, e os cambios que impón o modelo de vida actual.

Entre os problemas que é necesario atender, atópanse os relacionados coas infraestruturas en instalacións deportivas, que faciliten aos cidadáns a práctica do deporte en distintos niveis e modalidades, nas mellores condicións.

Nas parroquias de Pravio e Sta. M^a de Vigo, existen instalacións deportivas descubertas que limitan dunha maneira importante a práctica deportiva e doutros eventos relacionados co ocio. A xuízo do noso grupo, o concello debería aproveitar os investimentos realizados con anterioridade, para poder facer rendible o seu uso con maior efectividade.

Polo exposto, o noso grupo municipal propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

O pleno da corporación, encomenda ao goberno municipal a tarefa de elaborar e executar os proxectos para dotar as parroquias de Pravio e Sta. M^a de Vigo, de cuberta das pistas polideportivas existentes, co fin de permitir o desenvolvemento de actividades, con independencia das condicións climatolóxicas.”

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes, di que o grupo de goberno está de acordo en que isto é necesario, pero actualmente hai outras prioridades marcadas. Teñen unhas instalacións que xa están feitas, como é o caso do pavillón do Temple no que hai que cambiar toda a cuberta, tamén hai problemas no de Cambre, etc. Teñen en conta todas as propostas que se fan, pero tamén teñen un orzamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que é cuestión de orzamentos, pero que tamén é cuestión de planificación. A el non o convence, pero cre que tampouco convencerá aos

veciños de Pravio e Sta. M^a de Vigo, que levan moitísimo tempo sen poder facer actividades nas mellores condicións. Os rapaces non poden facer deporte cando chove ou vai frío, pero noutros sitios si que se pode. Resulta que é nas parroquias e nas zonas máis rurais onde máis se castiga aos veciños. El xa tentou meter esta iniciativa dentro do proxecto Arume, e non se lle tivo en conta, pide que se teña en conta agora e que nos próximos orzamentos se prevean as partidas orzamentarias necesarias para facer o que se pide na moción.

Don Henrique Xabier Iglesias, voceiro do BNG, di que o seu grupo vai votar a prol.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, di que o seu grupo tamén vai votar a prol da moción.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), di que é certo o que pasa nestas parroquias, como tamén pasa en Anceis, Andeiro, en lugares como Aián. Sinala que independentemente de que vai apoiar esta moción, cre que o que se debería de facer é unha programación en tempo das necesidades que hai en todas as parroquias.

Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, di que como concelleiro de Facenda gustaríalle aprobar a moción presentada polo Sr. Taibo, pero que o grupo de goberno tense que axustar á aplicación dos orzamentos, e nestes momentos non é posible aprobar ningún novo investimento ata que se aproben os orzamentos. Todo investimento debe estar incluído nos orzamentos, e por esta razón técnica eles non poden aprobar a moción nestes momentos. Por iso o seu grupo vaise abster.

Sometida a votación ordinaria a aprobación da moción presentada, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PSdeG-PSOE.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Encomendar ao goberno municipal a tarefa de elaborar e executar os proxectos para dotar as parroquias de Pravio e Sta. M^a de Vigo, de cuberta das pistas polideportivas existentes, co fin de permitir o desenvolvemento de actividades, con independencia das condicións climatolóxicas.

4º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

-Da Resolución de Alcaldía n.º 84, de data 1 de febreiro de 2008, relativa á revogación da delegación da presidencia efectiva da Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información, efectuada en dona Carmen Tato Lago mediante resolución da Alcaldía n.º 1651, de data 10 de outubro de 2007.

- Do escrito rexistrado de entrada ao n.º 1332, o día 11 de febreiro de 2008, presentado por don Francisco Javier Varela Tejedor, no que renuncia á dedicación parcial no Concello de Cambre, e solicita a retribución das asistencias ás sesións dos órganos colexiados nas que participou dende o día 13 de xullo de 2007.

- Da Resolución de Alcaldía do día 19 de febreiro de 2008, pola que se modifica a Resolución de Alcaldía de data 20 de xullo de 2007, e cuxa parte dispositiva se transcribe a seguir:

“Primeiro: Modifica-la resolución da alcaldía de data 20 de xullo de 2007, no seu apartado Primeiro punto 2, do seguinte xeito:

2.-Quedan reservadas a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”, non comprendidas no punto 1 anterior.

Nos supostos de ausencia ou enfermidade, o coñecemento e resolución dos citados asuntos corresponderá ao primeiro tenente de alcalde, salvo no relativo á ordenación do pago e ao pagamento material de obrigas previamente recoñecidas que corresponderá ao quinto tenente de alcalde, concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego.

Segundo: A teor do establecido no artigo 56.2 do Regulamento Orgánico Municipal, notifíquese aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia e comuníquese ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao n.º 1822, o día 22 de febreiro de 2008, procedente da Dirección Xeral da Función Pública, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se comunica a autorización da compatibilidade solicitada por don Jaime Manuel López Lisnier.

5º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 1941 o día 25 de febreiro de 2008.

1º Trala pregunta presentada polo Partido Popular en referencia á apertura do parque infantil na praza Fernando Buesa e ante o malestar xeral de veciños e residentes pola demora na súa apertura, o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que informe da situación actual sobre este apartado, así como as causas e motivos polos que aínda non se levou a cabo a súa apertura.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que despois dunha reunión coa empresa e cos técnicos municipais, hai que facer modificacións polo tema da polideportiva, e melloras no contorno.

O Sr. alcalde engade que cando se fixo o proxecto non ía incluída a polideportiva. Agora hai que facer un modificado para recoller o proxecto desa instalación. En principio nese terreo ía unha zona de cemento, e agora hai que legalizalo, porque hai que entregar todo o conxunto.

Don José Antonio Baamonde pregunta que canto se tardará.

O Sr. alcalde responde que máis ou menos un mes.

2º Veciños da parroquia do Temple informaron a concelleiros do grupo popular do afundimento dunha zona do Paseo Marítimo (á altura do número 19), da parte reconstruída en datas recentes, esta zona atópase sinalizada dun xeito inadecuado e con perigo para os veciños, por iso o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que mellore a sinalización do afundimento, ademais de realizar as xestións oportunas para a reparación do afundimento.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se solicitou un estudo a Costas e tamén se falou coa construtora porque non é a primeira vez que hai un desprendemento. Sinalizarase.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que o problema está en que non é a primeira vez que se produce un afundimento nesta zona, polo que parece que hai problemas

estruturais. Falouse co xefe da Demarcación de Costas para que, á súa vez, fale coa empresa construtora do paseo marítimo, para que se revise estruturalmente o proxecto que deu orixe a este paseo, e se analice cal é a causa. A partir de aí xa se verá se hai responsabilidades económicas polo proxecto de Costas, ou se é un problema de mantemento e, polo tanto, responsabilidade do concello.

Don José Antonio Baamonde López insiste na necesidade dunha sinalización e protección adecuada porque senón pode haber unha desgraza.

3º Veciños do lugar de Meixigo, presentaron nestes días un escrito no concello solicitando a substitución da tubaxe antiga de fibrocemento (dende o cruzamento de Cela cara a Meixigo, ata a entrada da finca Cervigón, actualmente de Fincas Galicia) de subministración de auga para evitar problemas de presión de auga e de potabilidade, a causa do seu estado, substitución por unha de pvc ou similar. Por todo o exposto anteriormente o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que informe en que situación se atopa este tema e se teñen iniciado as xestións oportunas e necesarias para substituír o mencionado tramo de tubaxe.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que este tema está incluído no POS complementario do 2008 e, polo tanto, contratarase a finais deste ano. Disto xa foron informados os veciños.

Don José Antonio Baamonde López pide que non se olviden deste asunto porque hai unhas 50 vivendas afectadas.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 1856 o día 22 de febreiro de 2008, xunto coas preguntas.

1º O escaso aparcamento e a densidade de circulación rodada, que diariamente se concentra nas inmediacións do centro de saúde, converte a zona nunha verdadeira carreira de obstáculos, e perigo para as persoas que por diversos motivos teñen que acudir con maior ou menor frecuencia ao mencionado lugar, provocando situacións de caos circulatorio.

O progresivo incremento da poboación do concello fai que este problema non admita máis demoras, e mesmo a súa tardanza en solucionar o tema, semella unha burla cara á cidadanía de Cambre.

O noso grupo prega ao goberno municipal que nos facilite información respecto das promesas de execución do proxecto de acondicionamento dos accesos e aparcamentos nas inmediacións do centro de saúde.

O Sr. alcalde contesta que está feito o proxecto que prevé unhas 80 prazas de aparcamento dende Cambre ao cemiterio. O problema é que hai que comezar un expediente de expropiación e incluílo nos orzamentos, pero xa hai un proxecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás insiste na necesidade imperiosa que teñen os veciños de Cambre de ter, polo menos uns accesos axeitados á circulación que existe na zona onde está o centro de saúde, Correos, etc. Lembra que este mesmo problema xa se presentou nun pleno do ano 96, e tamén daquela había un proxecto, por iso é polo que pide que o proxecto actual non se quede durmindo.

2º No presente mes o Sr. alcalde mantivo unha xuntanza con representantes veciñais da parroquia do Temple, co fin de informar sobre os proxectos do concello respecto da zona e recoller as demandas dos veciños/-as.

Pode informarnos o Sr. alcalde sobre a intención do goberno de adquirir os terreos necesarios para construír unha praza na zona do Paseo Marítimo?

Cal é a zona onde están situados?

O Sr. alcalde contesta que non hai terreo no paseo marítimo. O que fixeron foi reunirse cos veciños porque xurdiron uns problemas nos edificios que hai no paseo marítimo, na parte de atrás, apareceron unhas lavadoras que están conectadas ás augas pluviais. Ao ver esa obra déronse conta de que aí había unha praza que estaba totalmente inservible. Falaron cos veciños sobre a posibilidade de recuperala, pero é un patio interior que hai naquelas rúas. A semana que vén verá como facer para arranxar o saneamento nesa zona.

3º Recentemente o noso grupo municipal mantivo unha serie de contactos co Patrón Maior da Confraría de Pescadores da Coruña, Manuel Cao, co obxectivo de ser informados de primeira man do estado actual do conflito da contaminación da ría do Burgo, debido aos continuos vertidos sufridos nos últimos tempos, e ante a delicada situación provocada pola nova clasificación zonal na ría (zona-C).

Xa no pleno do pasado agosto o noso grupo interesouse pola deterioración medioambiental da ría, pero o tempo pasa e seguimos sen ter noticias das medidas adoptadas por parte do grupo de goberno.

Ante a preocupación sobre o problema, o noso grupo municipal realiza o seguinte rogo:

- Que o Concello de Cambre, por medio do seu representante no Consorcio das Mariñas, traslade o problema para o seu debate e posibles solucións.
- Que o goberno municipal traslade o presidente da Confraría de Pescadores o seu apoio e solidariedade antes as xustas reivindicacións a favor do saneamento da ría.
- Que o goberno municipal participe e contribúa na recollida de sinaturas a favor da eliminación dos vertidos que afectan gravemente á ría do Burgo-Pasaxe.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o apoio e a solidariedade aos mariscadores xa llelo trasladaron. Están traballando con eles, facendo mesas de traballo con varios concellos e con Pesca. Tamén acaban de facer a recollida de mostras en varios puntos do municipio e están agardando polos resultados.

Don Juan Antonio Fernández López, expón que si ben é certo o da reunión, parécelle que iso non é suficiente, polo menos esa é a impresión que lles transmiten os mariscadores. Por iso é polo que presentan este rogo pedindo o apoio institucional concreto por parte do Concello de Cambre ante uns feitos que prexudican á ría, que non é só da Coruña, senón tamén doutros concellos, e a deterioración é lamentable e a situación problemática.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 1915 o día 25 de febreiro de 2008, xunto coas preguntas.

1º Rogo que se me informe dos temas tratados na reunión mantida o pasado 14 de febreiro cos concellos da Coruña, Culleredo e Oleiros, respecto da contaminación da ría do Burgo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que na reunión tratouse das medidas que está poñendo cada concello. Falouse de organizar unha mesa de traballo conxunta con Pesca e cos mariscadores, para traballar todos xuntos no problema. Ademais os mariscadores poden comunicarse con eles e reunirse cando así o soliciten.

2º Despois das protestas realizadas polos veciños da parroquia do Temple respecto da execución do proxecto de remodelación da Costa da Tapia. Rogo que se me informe das actuacións que fixo o goberno local ao respecto.

O Sr. alcalde contesta que tiveron algunhas reunións, a última foi hai tres días, porque hai bastantes queixas e protestas, incluso de compañeiros da corporación, polo ancho que ten a mediana que é excesivo. Analizaron o proxecto que se lles tiña presentado no seu día, pero resulta que non é exactamente o que agora se está a executar. Por iso, a próxima semana teñen unha reunión co director das obras, e van tentar reducir a mediana, porque entenden que é bastante grande respecto dos viais. Teñen actualmente unha distancia de catro metros dende a cabeceira da beirarrúa ata a mediana, e resulta que a mediana ten uns tres metros. Parécelle moi grande e moi pouco o espazo que queda, por exemplo para apartarse no caso de que un coche de emerxencias queira pasar. Agarda que a semana que vén se poida solucionar, e o resto, as glorietas e demais, quedan como estaban no proxecto.

Continúa dicindo que outro problema que teñen agora é que están vendo a posibilidade de meter algo de zona verde, para que non sexa todo cemento, e iso tamén obriga a que quede unha zona definida entre a estrada e a mediana para que poidan traballar os xardineiros.

3º Rogo que se me informe dos motivos polos que se produciu de novo unha fochanca no mesmo lugar do paseo marítimo onde hai uns anos xa se arranxara, e as actuacións que se levaron a cabo por parte do goberno municipal.

Dáse por contestado.

Preguntas do PP presentadas por escrito, que quedaron pendentes do pleno ordinario de 31 de xaneiro de 2008

Rexistradas de entrada ao n.º 850 o día 28 de xaneiro de 2008.

1ª Tanto a Lei 2/1985, como a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia e o Real decreto 1378/1985, de 1 de agosto, establecen a obriga de ter un Plan de emerxencias municipal para municipios de máis de 20.000 habitantes, así como as medidas provisionais para a actuación en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, aplicando fronte a estes riscos as medidas correctoras de previsión, prevención, planificación e actuación.

A necesidade de realizar un Plan de emerxencias municipal, xurde da lexislación de carácter estatal e autonómica que encomendan ás entidades locais dita redacción, dada a responsabilidade do alcalde como xefe local de Protección, sendo o Plan de emerxencias municipal un instrumento de planificación plasmado nun documento formal, cunha estrutura definida pola normativa, e fundamentalmente con carácter preventivo e de autoprotección promovendo obxectivos como:

- Organizar as funcións básicas de protección civil a nivel local.
- Promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá.
- Identificar e analizar os distintos riscos a nivel local.
- Determinar as medidas de prevención fronte aos riscos detectados.
- Informar e concienciar á poboación sobre o risco e as medidas de protección.
- Coordinar todos os recursos municipais para dar unha resposta rápida en caso de emerxencia.
- Etc.

En conclusión, os Plans de emerxencias municipais permítennos documentar a existencia de riscos, a súa cuantificación e os mecanismos de prevención, medios e recursos existentes ou necesarios para minorar e paliar os efectos en caso de materialización dun sinistro con danos en persoas e bens (incluso medio ambiente, paisaxe, etc.). A estrutura dun Plan de seguridade, despois da súa avaliación do risco, cataloga os medios e recursos tanto humanos como materiais dispoñibles no territorio municipal ou próximo, intentando definir procedementos e protocolos para a intervención. Por suposto debe contemplar medidas preventivas para evitar a ocorrencia do sinistro ou minimizar os seus danos. E como colofón do traballo, este contemplará a implantación e difusión do citado plan. É necesario resaltar que a coordinación é un factor clave e tamén o coñecemento, difusión e práctica das formas e maneiras de traballo entre os distintos intervinentes e as súas relacións.

Por todo o exposto anteriormente o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno en que situación se atopa o noso Plan de emerxencias, así como as xestións realizadas ata a actualidade para estar acorde coa lei, así como velar polos intereses dos nosos veciños en materia de seguridade en situacións de emerxencia, como a rotura do encoro de Cecebre, escapes de gas, centros de ensinanza, accidentes de tráfico, explosións, etc.

O Sr. alcalde contesta que está contratada a elaboración deste estudo, cre que xa foi adjudicado en marzo de 2007, á empresa “Ingeniería Consultora de Seguridad”, que é a que

o está elaborando. De momento o Plan de coordinación que temos aquí é a coordinación que existe entre a Policía Local, Protección Civil e Garda Civil. Agora ben, do plan, que el agarda que estea elaborado para o verán, nacen unha serie de requisitos e situacións que inclúen dende aos técnicos municipais, aos profesionais do centro de saúde, etc. Como exemplo concreto para o estudo están en contacto con Emalcsa, para elaborar un plan para as situacións que poidan xurdir. Pediralle a David Pisani, coordinador de Protección Civil, que lles faga chegar un informe de como está todo.

2ª Trala negativa por parte da Xunta a dar o visto e prace ao convenio urbanístico asinado polo noso alcalde días antes das eleccións municipais para a ampliación do colexio do Graxal II, e ante a imposibilidade de cumprir cos prazos legais para a sinatura do convenio urbanístico, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno:

- Que aclare detalladamente as xestións realizadas ata a data sobre este asunto.
- Se se poderán levar a cabo as obras de ampliación do colexio.
- As posibles repercusións en caso de incumprimento do convenio urbanístico asinado.

Dáse por contestada.

3ª Tralo grave accidente ocorrido na parroquia do Temple, motivado por unha explosión de gas (con incendio incluído) a consecuencia das obras que se estaban a realizar para a instalación dun transformador eléctrico de Unión-Fenosa e ante o malestar xeral de veciños e residentes

- Que xestións se van realizar dende o concello para apoiar aos veciños afectados para que estes poidan reparar os seus bens e minimizar as molestias ocasionadas por este accidente.
- Se o concello vai continuar coa súa política de conceder licenza para obras deste tipo e non efectuar ningún control, nin seguimento ás firmas que as están levando a cabo para evitar incidentes como este.
- Se o concello vai tratar cos veciños afectados desta parroquia de estudar outras posibles colocacións para estes transformadores que se van instalar na parroquia do Temple.
- Por que o concello nunca informa aos veciños das distintas obras importantes (Costa da Tapia, instalación de transformadores, etc.) que se efectúan nas distintas parroquias do noso concello e que afectan ao desenvolvemento diario: circulación, aparcamento, ruídos, etc., para un maior coñecemento dos veciños das distintas actuacións que se desenvolven en materia de melloras, etc. no noso concello.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que el, xunto á concelleira de Obras e Servizos, tiveron unha reunión coa comunidade de veciños afectados, e tamén estiveron presentes representantes de Unión Fenosa, e os técnicos municipais. Na reunión abordáronse as distintas situacións que pode ter o transformador e descartaron, a instancia de Costas, a opción de poñelo no paseo marítimo.

Continúa dicindo que o acordo acadado é que van analizar o alcance eléctrico deste transformador. Van invitar aos residentes e veciños deses edificios a que se reúnan cos técnicos municipais para que estes lles poidan indicar e aclarar todas as dúbidas que puideran ter respecto deste tema, así como estudar as posibles colocacións do transformador.

Don José Antonio Baamonde López solicita unha copia do escrito que remitiu Costas respecto da non utilización do paseo marítimo para estas instalacións.

Preguntas do BNG presentadas por escrito, que quedaron pendentes do pleno ordinario de 31 de xaneiro de 2008

Rexistradas de entrada ao n.º 839 o día 28 de xaneiro de 2008.

1ª Cal é o estado do proxecto de ampliación do colexio do Graxal? Está entregada a parcela á Consellería de Educación?

Dáse por contestada.

2ª Cal é o estado das prometidas instalacións deportivas cubertas do colexio Portofaro?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que na reunión que tiveron en Santiago dixéronlles que a valoración que se fixo desas instalacións, a cantidade da que se estaba a falar, era imposible, xa que era o dobre do que se tiña orzamentado. O que teñen agora é a memoria valorada do custo que supoñía o proxecto anterior, e pensan enviala á Consellería para que estuden se con ese importe se pode asinar o convenio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que agarda que iso sexa o máis axiña posible, porque deste tema hai quen xa durante as pasadas eleccións fixo declaracións de que xa había acordos, de que o proxecto estaba encargado, e de que existía acordo coa Delegación, e resulta que pasou xa case un ano e todo sigue igual, non se fixo nada. O seu grupo quere

que se faga esa obra, pero o que non lles gusta é que se fagan declaracións que logo non van a ningún sitio.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que leva, persoalmente, loitando oito anos para acadar esas instalacións, e di que xa tiñan chegado a un acordo co anterior Delegado, o que pasou é que como cambiou, a cousa paralizouse, ese foi o único motivo. Agora están retomando o tema, e parece que o proxecto vai por bo camiño.

3ª Hai algunha razón para que non se teña elaborado a ordenanza sobre antenas de telefonía que acordou este pleno no mes xullo de 2007?

Don Francisco Javier Varela Tejedor lembra que a finais do mes de setembro el mesmo presentou aos distintos voceiros dos grupos municipais unha proposta de ordenanza sobre as antenas para a súa consideración, e só houbo resposta por parte do grupo de EU-IU.

Tanto da proposta do equipo de goberno, como da proposta de EU-IU, deuse traslado aos técnicos correspondentes, os cales, no mes de decembro, fixeron unha serie de alegacións a ambas propostas e consideraron que, ao seu xuízo, o máis eficiente sería adherirse ao acordo subscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias, a Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España (AETIC), e as catro operadoras de telefonía móbil, tal e como se establece no Código de boas prácticas para a instalación de infraestruturas de telefonía móbil. Daralles traslado deste código de boas prácticas elaborado pola FEMP, xunto coa relación de municipios que en toda España se incorporaron a el, para que o analicen e, se están de acordo, tramitar a adhesión do Concello de Cambre.

4ª Hai moitas marquesiñas no territorio municipal en estado de abandono e deterioración. As da parroquia de Cecebre, se dun concurso se tratara, poderían levar o primeiro premio. Aproveitamos para pasar un pequeno dossier fotográfico para sexa máis fácil a súa localización e, para preguntar se teñen pensado acometer os traballos de adecentamento e reparación necesarios deste servizo público.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que efectivamente hai moitas marquesiñas en mal estado, como resultado de actos de falta de civismo ou vandalismo que, desgraciadamente, existen en todos os municipios españois.

Tiñan feito un pequeno plan de reparacións, pero na Comisión de Seguimento do Transporte Metropolitano, pediuse un pouco de paciencia porque están elaborando un modelo único a nivel da Xunta de Galicia, para todas as áreas metropolitanas, e incluíranse a todos os municipios dentro do plan de instalacións de elementos puntuais, como as marquesiñas. En todo caso, o próximo martes teñen outra reunión coa Dirección Xeral de Transportes, para os efectos de ver si xa se tomou unha decisión sobre o tema, se van sacar eles a concurso o proxecto para as novas marquesiñas, ou ben, se se establece unha liña de subvencións a todos os concellos interesados, para que, seguindo o modelo que se adopte, se saque a concurso independentemente por cada concello.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que, efectivamente, hai marquesiñas danadas por actos de vandalismo ou por pequenos accidentes, pero hai outras nas que o problema non é que estean rotas, o problema é que o seu contorno está sen coidar, e está cheo de maleza, e moitas desas marquesiñas coinciden con rutas dos autobuses escolares.

5ª Este goberno leva incumprindo sistematicamente as decisións plenarias e a súa propia palabra en relación coa convocatoria das distintas comisións informativas especiais. O caso é especialmente grave coa que debe estudar o Plan xeral. Cando se nos convoca é a “reunións informais” que non serven para nada, non se nos entrega a documentación prometida, e aprázase un día tras outro a continuación dos traballos.

Ten pensando o alcalde cumprir co mandato deste pleno e coas súas propias palabras e convocar a Comisión Especial do Plan Xeral e as outras que están pendentes?

O Sr. alcalde contesta que os traballos están aí. Dende decembro hai á súa disposición uns planos e uns convenios para que quen quixese os revisase, e non o fixeron, pero en todo caso, a partir do luns, estableceranse reunións de traballo. Convocarase á Comisión Especial para o luns ás 18:00 horas, e a partir de aí seguirase cos traballos a través das comisións de urbanismo.

Don Henrique Xabier Iglesias di que, en primeiro lugar, o que hai que convocar é a Comisión Especial para o Plan Xeral, non á Comisión de Urbanismo, porque para iso se creou esa comisión especial. En segundo lugar, que eles xa sabían que había unha documentación para consultar, e que de feito algún membro da corporación así o fixo, pero que o que está a reclamar agora é o foro de debate, o órgano colexiado onde discutir as cousas, facer achegas e tomar decisións que se poidan trasladar ao equipo redactor. Iso é o que solicitan.

6ª Desde o colectivo de mariscadores iniciáronse algunhas accións diante da xustiza sobre a contaminación da ría. Algunha delas vai dirixida contra o Concello de Cambre. Que medidas está tomando o goberno local para evitar a contaminación da ría?

Mª Beatriz Ramos Padín contesta que xa nunha pregunta anterior contestou sobre que medidas se están tomando.

Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille que é verdade que respecto das medidas xa contestou, pero que do que eles están a falar aquí e do tema das denuncias, un tema que incluso saíu publicado na prensa. Claro está que o seu grupo amosa a súa preocupación dende o punto de vista da solidariedade cos mariscadores e tamén dende o punto de vista dos efectos medioambientais, pero que nestes momentos están amosando a súa preocupación polo propio Concello de Cambre, polo feito de que pode incluso ser condenado pola súa responsabilidade nos vertidos. É sobre isto sobre o que queren facer agora unha chamada de atención.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito, que quedaron pendentes do pleno ordinario de 31 de xaneiro de 2008

Rexistradas de entrada ao n.º 811 o día 25 de xaneiro de 2008.

1ª Partindo da base, que parece da máis pura lóxica, de que os acordos e compromisos plenarios tómanse para ser levados á práctica, dentro dun prazo razoable, e non para converterse en meras declaracións retóricas.

Cando vai levar a cabo o goberno municipal o compromiso adquirido no pleno ordinario do mes de agosto, relativo a unha pregunta sobre as licenzas concedidas para a instalación de paneis publicitarios no termo municipal e o control do concello respecto do tema?

O Sr. alcalde responde que na ordenanza que ten o concello se recolle, pero non se está cobrando. Elaborouse un informe para incluílo e fixar unhas taxas. Os paneis privados suprimíranse, estase referindo sobre todo aos paneis que producen inseguridade nas estradas.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta, especificamente, se os paneis grandes que agora se utilizan para as eleccións non se cobran.

O Sr. alcalde contesta que non se están a cobrar.

Don Luis Miguel Taibo amosa o seu asombro sobre este feito, di que lle parece lamentable, e solicita un estudo sobre o diñeiro que deixou de percibir o concello por non cobrar eses usos, diñeiro que se podería ter empregado noutras moitas cousas.

Don José Venancio Salcines Cristal sinala que non é tanto o que se deixou de percibir, pero que o que está claro é que se necesita unha ordenanza fiscal que regule expresamente o cobro do uso dos paneis publicitarios.

Don Luis Miguel Taibo dille que o que si existe xa é unha ordenanza fiscal para a ocupación de terreo público e pregunta porque non se aplica a estes casos, que están a ocupar terreo público.

Don José Venancio Salcines responde que esa ordenanza non está pensada para os paneis publicitarios, porque da súa aplicación sairía o cobro dunhas cantidades irrisorias. O que se necesita é unha ordenanza específica, cunha regulación que se adapte a estes supostos.

2ª O pasado día 11 produciuse un accidente na rúa Paseo Marítimo motivado por unha explosión de gas e o posterior incendio, cando se realizaban obras de apertura dunha gabia na beirarrúa, para a instalación dun transformador eléctrico da empresa Unión –Fenosa.

Ante os feitos acontecidos e tendo en conta a gravidade derivada do problema, o noso grupo municipal fai as seguintes preguntas:

- Que protocolo de seguridade ten establecido o concello para unha emerxencia ou accidente como o ocorrido?
- En que condicións se encontraba o acceso ás válvulas e cales foron os motivos do atraso para acceder a elas para poder efectuar o peche do gas?
- Estaban as válvulas tapadas con asfalto segundo manifestacións dos técnicos aos medios de comunicación?
- Ten o concello coñecemento da existencia dunha malla de seguridade ou testemuña que indicara a instalación de gas?
- Por que motivo se desmontou o operativo de realoxar aos veciños/-as afectados nun hotel?
- Pensan os responsables municipais que foi correcto o trato e atención prestada aos veciños/-as afectados polo grave problema?

- Como é posible que a empresa responsable das obras de instalación do transformador non estivera avisada da existencia da acometida de gas na zona onde se facían as perforacións?
- Por que o concello non informou aos veciños/-as da realización das obras para a instalación dun transformador o lado das súas vivendas?
- Que accións legais ten emprendido o concello contra as empresas que realizaban os traballos, e que tipo de investigacións se están facendo?

O Sr. alcalde contesta que as medidas de seguridade están fixadas tanto por Protección Civil como pola Policía Local e polos enxeñeiros, coa participación da Garda Civil. Eses son os medios dos que dispoñemos. Quere destacar que os dispositivos funcionaron perfectamente, e incluso o clima tamén axudou.

Respecto da razón pola que se tardou en pechar o gas, non o saben, por iso esixiron por escrito a Industria, que dalgunha maneira é a responsable deste tema, que aclare o asunto. As válvulas que tiñan que pechar estaban no Burgo, en Oleiros, e é certo que non encontraban unha das válvulas de pequena dimensión. O que hai que esixir é que revisen, controlen e reparen todas esas válvulas, porque se esta válvula din que estaba debaixo do formigón, quere dicir que a empresa que fai anualmente as revisións non a fixo, porque esas obras na Tapia son polo menos de hai dous anos. Por todo isto enviaron a carta a Industria. Tamén se está intentando acordar coa empresa do Gas e coa Xunta que se instalen válvulas nas diferentes rúas, para que se hai unha desgraza se poida pechar cada rúa separadamente.

O Sr. alcalde continúa dicindo que, en canto á pregunta de por que se desmontou o operativo, el pensa que non se desmontou. En principio non hai ningún veciño que non teña estado agradecido e respectuoso tanto con Protección Civil coa Policía Local, como cos Servizos Sociais. Pensa que o responsable municipal actuou correctamente, de acordo cos medios que ten o concello. Non lle consta que se presentaran queixas.

Don Juan Antonio Fernández López di que o seu grupo presenta esta pregunta porque saben, a través de veciños afectados, que hai desgusto polo tema do realoxo. Non se lles permitiu, nun principio, saír do edificio, estaban totalmente asustados, e despois, moitos deles, debido ao pánico lóxico da situación non querían volver para as súas casas. Iso dixéronllo os propios veciños, e tamén lles falaram da atención directa dese día e do día posterior.

Toma a palabra dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, para dicir que estivo alí ata as 21:00 horas, preguntando persoa por persoa se desexaban aloxarse no hostel A Marisqueira. Tiñan reservadas case todas as habitacións para que fosen durmir alí.

O dispositivo de Servizos Sociais estivo, en todo momento, en contacto con esas persoas, incluso subministraron as chaves das vivendas á Policía Local e a Protección Civil para que fixeran a medida individual do nivel de gas en cada unha delas, e unha vez que estiveron seguros de que non había perigo, todos os veciños, ás 21:00 horas, tiñan decidido voltar ás súas casas. Ademais de todo iso, púxose a disposición dos veciños, ata as 22:30 horas, un vehículo do concello, por se algún deles despois de regresar a súa vivenda decidía ir durmir ao hostel. Ninguén, a esa hora, decidira facelo.

Continúa dicindo que, evidentemente, todos estaban desgustados e fan ter problemas para durmir, iso téñeno todos clarísimo, pero o persoal de Servizos Sociais, e ela persoalmente, estivo alí durante todo o día, a disposición de todos os veciños, para o que necesitasen, e con todos os medios dos que se dispoñía.

Don Juan Antonio Fernández López manifesta que de todos os xeitos teñen constancia de que algúns decidiron ir para vivendas de familiares.

Dona Carmen Tato Lago contesta que é verdade, pero que foi pola vontade deses veciños.

Don Juan Antonio Fernández López pregunta que pasou coa comida do mediodía, que tamén houbo comentarios.

Dona Carmen Tato Lago di que todo o mundo foi atendido correctamente.

3ª Pode explicarnos o goberno municipal cales foron os motivos para a eliminación dos elementos do parque infantil da Praza da Ría?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que a razón foi que estaban en mal estado. Agora estase estudando a posibilidade de instalar mesas de ping pong, porque existen peticións a este respecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que cando se retiran uns elementos que levan tantísimo tempo nun sitio porque están en mal estado, o normal é que se repoñan, porque non se pode olvidar que estamos a falar dun parque infantil. Ademais, avisa de que é mellor que falen coa xente da zona antes de cambiar nada, porque aí hai moitos rapaces pequenos.

Preguntas do GM(PG) presentadas por escrito, que quedaron pendentes do pleno ordinario de 31 de xaneiro de 2008

Rexistradas de entrada ao n.º 862 o día 28 de xaneiro de 2008.

1ª Tras ter coñecemento da existencia do expediente de disciplina urbanística n.º 07/91/01 que afecta a Ponte n.º 2, na parroquia de Sigrás, pido ao grupo de goberno que explique todo o relacionado co dito expediente.

O Sr. alcalde contesta que respecto deste expediente teñen unha sentenza do xulgado contencioso-administrativo, e xa se contratou a restitución da parcela.

Don Manuel Marante Gómez dille que efectivamente, sabe que existe unha resolución do concelleiro delegado don Francisco Javier Varela Tejedor, relativa á contratación da demolición, pero gustaríalle saber algo da posible indemnización que a maiores o concello vai ter que pagar ao propietario da parcela, e todo porque se lle concedeu unha licenza. Os veciños cansáronse de vir preguntar ao Sr. alcalde e ao que era concelleiro de Urbanismo e, como non se lles fixo caso, tiveron que acudir aos tribunais. Agora resulta que hai que derrubar, e todo o que esa persoa fixo con licenza municipal é indemnizable, e por riba, os postos de traballo que se ían crear nese lugar marcharon para Arteixo. Nin sequera se negociou, por exemplo, que se instalasen no polígono de Cambre.

2ª Xa que os veciños de Mercurín e de Gosende quedaron sen a instalación da rede de saneamento pola negligencia e falta de interese do equipo de goberno, teñen pensado incluír esta obra nalgún programa, sexa vía subvención ou non orzamento do concello?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín di que se contestará por escrito.

3ª Temos constancia de que no polígono industrial de Espírito Santo se producen vertidos incontrolados. Que actuacións ten tomado o equipo de goberno contra as empresas que os producen?

O Sr. alcalde contesta que están revisando e controlando eses feitos, pero é algo que moitas veces non é fácil de detectar. Están vendo a posibilidade de meter un robot con cámara pola tubaxe. Tamén faláron co Concello de Sada, porque tamén desa parte veñen produtos, pero ultimamente, a verdade é que están saíndo bastante ben.

Preguntas do PP presentadas por escrito para este pleno

Rexistradas de entrada ao n.º 1942 o día 25 de febreiro de 2008.

1ª O grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno o detalle dos importes comprometidos nos diferentes convenios urbanísticos asinados, así como o vencemento de cada un deles.

O Sr. alcalde contesta que son dous os convenios que actualmente están en vigor. O convenio de Lamela, que cederon no seu día o terreo onde se construíu a Casa Cuartel, e o convenio do que estiveron a tratar esta tarde no pleno. Os demais convenios están anulados. Respecto do importe económico total non o sabe.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que polo importe económico xa preguntou no seu día ao concelleiro de Facenda e tampouco contestou. Sinala que el ten un estudo que calcula nuns 700 millóns de pts. o que habería que pagar en caso de incumprimento dos termos dos convenios. Pregúntase se ao goberno local non lle preocupan estas cousas.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, responde que esa pregunta xurdiu un día no medio dun debate informal, non é que se lle fixese unha pregunta por escrito, a pregunta xurdiu cando o Sr. Marante fixo referencia ao convenio urbanístico do Graxal, e preguntou sobre o seu custo económico. A intervención que o Sr. Cubeiro fixo nese momento, el entendeuna referida ao tema que se estaba a tratar nese momento, e cando o Sr. alcalde falou dun importe duns 500.000 euros, considerou que xa se tiña respondido, se non é así, non ten problema en darlle esa información no vindeiro pleno.

O Sr. Nicolás Cubeiro volve ler a pregunta presentada para este pleno e resalta que está a falar dos diferentes convenios asinados polo concello e dos importes comprometidos. Un dos convenios, no ano 2005 renovouse ata o 2007, e no 2007 como seguía sen aprobarse o plan xeral, renovouse por dous anos ata o 2009, pregúntase se para esa data estará aprobado o plan xeral.

O Sr. Salcines dille que xa lle explicou o que pasou, está na súa vontade responderlle.

Don José Antonio Baamonde López conclúe que, entón, quedan en que se lles pase copia dos dous convenios que están en vigor e dos importes comprometidos en cada un deles.

O Sr. Salcines contesta que está de acordo.

2ª Tralo inicio hai un tempo das obras da Escola de Música en Sigrás, e observando que dende fai un mes a obra se atopa paralizada, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno, en que situación se atopa actualmente a obra, a que se debe a súa paralización e a previsión do seu desenvolvemento: calendario de execución, finalización, etc.

Dona Erundina Prado Arcay manifesta que ao rematar esta sesión vailles pasar copia do informe exhaustivo que fixo o arquitecto municipal. Nese informe recóllese que os problemas comezaron a partir do día 22 de decembro. Nesa data tivo lugar unha reunión á que asistiu tanto a dirección facultativa, como os técnicos da empresa, como os arquitectos redactores do proxecto. Con posterioridade, o encargado da empresa e o aparelador municipal detectaron posibles deficiencias na estrutura, a raíz disto o concello encargou un estudo e análise do proxecto de estrutura que se presentou o día 15 de xaneiro de 2008. Este estudo contiña unha serie de recomendacións que obrigarían a cambiar o proxecto aprobado.

Continúa dicindo que os arquitectos redactores do proxecto non están de acordo co informe, polo que se programou unha reunión entre as partes implicadas, reunión que tivo lugar o día 19 de marzo. Nestes momentos estase agardando por unha conclusión definitiva que solucione as diferenzas que teñen, e que, en principio, son mínimas, pero que de todos modos deben aclararse para que o edificio reúna todas as condicións de seguridade esixibles.

3ª Trala aprobación da creación da Comisión Especial Informativa para o Plan xeral de ordenación municipal, e despois dunhas primeiras reunións e en vista de que a reunión fixada para o mes de xaneiro non se levou a cabo, o Partido Popular pregunta ao equipo de goberno:

- Se se vai dar continuidade a estas reunións.
- Se se vai establecer un planning de traballo para dar saída ao Plan xeral de ordenación urbana, de vital importancia para o noso concello.

O Sr. alcalde sinala que xa lles dixo que o vindeiro luns terá lugar unha sesión da Comisión Informativa Especial e, a partir de aí, planificarase o traballo.

Preguntas do BNG presentadas por escrito para este pleno

Rexistradas de entrada ao n.º 1945 o día 25 de febreiro de 2008.

1ª Temos comprobado a través das queixas de usuarios o descontento existente polo mal uso das prazas de aparcamento para persoas discapacitadas. Non son respectadas por moitos cidadáns e, ás veces, aparecen ocupadas por vehículos municipais.

- Cal é a causa da falta de vixilancia para facer respectar o seu uso?
- Que medidas se van tomar para que cumpran a súa finalidade?
- Teñen pensado incrementar o seu número no centro de saúde de Cambre?

O Sr. alcalde responde que é certo que, en ocasións, aparcan vehículos, tanto municipais como non, pero procuran que a policía estea por aí, vixiando. En todo caso, avisou á policía para que estean máis pendentes de que se respecte.

En canto ao centro de saúde, haberá que ver, porque entre a ambulancia e a parada que hai alí, haberá que desprazarse un pouco máis abaixo, falará cos médicos do centro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que se fan esta pregunta é porque hai queixas a este respecto, cousas que se poden comprobar a simple vista, como é o caso da praza de minusválidos que hai diante do concello, e o mesmo ocorre coa do colexio, ou coa da farmacia. Mesmo o mes pasado ou pouco antes, no Temple, unha persoa transmitiu a súa queixa a un concelleiro do equipo de goberno porque un vehículo da brigada estaba ocupando unha destas prazas. Parécelle que isto non é unha boa práctica. As prazas non son demasiadas para o que se necesita, así que deben respectarse.

2ª A Escola municipal de música debería estar nestes momentos, a punto de concluír a súa construción. Lonxe diso, comprobamos como as obras están paradas.

Cal é a explicación dese atraso?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que entende a pregunta contestada co que antes dixo a Sra. concelleira, pero que quere dicirlles que o día 4 deste mes presentou un escrito por rexistro, solicitando ver este expediente, porque estaba asombrado de que incluso a empresa retirara as casetas de obra e a maquinaria.

Non é que dubide dos técnicos, porque non é ese o seu costume, pero o que está claro é que existe un proxecto elaborado por uns arquitectos que teñen a titulación esixida, un proxecto que está visado e que, polo tanto, enténdese que cumpre cos requisitos técnicos, e extráñalle que sexa a propia empresa construtora a que faga unha modificación á alza dos prezos da

obra, e que reciba o apoio do aparelador que, en principio, non é o competente para facelo porque o que lle corresponde é o control de seguridade e saúde, non dicindo nada o arquitecto municipal que precisamente é o director de obra.

O Sr. alcalde explica que o que pasa é que a empresa detectou que hai a posibilidade de que a estrutura non aguante, e foi nese momento cando se encargou un estudo e se lle pediu ao arquitecto municipal que o comprobase. Agora o que están vendo é o tema da seguridade. Todos teñen ganas de que se inaugure, pero son os técnicos os que teñen que decidir sobre as obras.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que un dos problemas que xa houbo no atraso para iniciar este expediente foi, precisamente, as dificultades que se puxeron por parte dalgúns técnicos municipais, concretamente o arquitecto e o aparelador, para levar a cabo a dirección da obra. Sería preocupante que estivésemos ante un caso de folga de celo para conseguir que a partir de agora non se lles asigne ningunha dirección de obra, que son cuestións que figuran na súa ficha do posto de traballo. Di que é responsabilidade do goberno ter dúbidas polo que din os informes, comprobar o que recollen, pero tamén esixir que todo o mundo cumpra coas súas responsabilidades.

3ª Solicitamos que se informe ao pleno da situación do contrato coa empresa redactora do Plan xeral de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que o contrato está vixente, que non foi denunciado por ningunha das partes. Outra cousa é que pediron unha subvención, e despois haberá que ver se co traballo que están facendo a corporación estima que procede a rescisión do contrato.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que é curioso que o contrato se fixese con IDASA e que, aínda que sexan as mesmas persoas, o nome que aparece agora é EPTISA, pregunta como foi isto. En todo caso, analizarán ben o expediente porque ten a impresión de que algúns dos técnicos municipais pensaban que o contrato estaba xa vencido e que había que levar a cabo unha nova contratación para a redacción do Plan xeral.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito para este pleno

Rexistradas de entrada ao n.º 1856 o día 22 de febreiro de 2008.

1ª Na medida que os bens culturais teñen un valor de testemuña histórica e de civilización, a Lei do patrimonio cultural de Galicia determina tanto para os seus propietarios e demais titulares de dereitos reais como para os poderes públicos, a obriga de preservar o interese xeral e o patrimonio cultural, para asegurar a súa integridade e evitar a súa perda, a súa destrución e a súa deterioración.

- Cal é o motivo de non terse tomado as medidas oportunas para restaurar o edificio do “Muíño da Barcala” incluído no Catálogo de Bens de Interese Cultural?
- Cales son as condicións urbanísticas na actualidade, do mencionado edificio?

O Sr. alcalde responde que se trata dun edificio particular. Calquera cousa que se queira facer pasa por unha autorización de Patrimonio, e urbanisticamente está fóra de ordenación nas Normas subsidiarias.

2ª Veciños/-as de Estorrentada e da urbanización Eira de Arriba, manifestaron á nosa organización a súa contrariedade pola colocación dun portalón na rúa de entrada á urbanización, impedindo o paso público, orixinando o malestar de moitos veciños/-as que diariamente, ao longo dos últimos anos, utilizaban a vía que consideraban era de titularidade do concello.

- Cal foi o motivo de pechar o acceso?
- Considera o concello que os accesos que rodean a urbanización son os máis axeitados, tendo en conta a cantidade de circulación e o reducido ancho do camiño?
- Considera o goberno que o actual camiño da periferia da urbanización reúne as condicións para ser considerado de dobre circulación?

O Sr. alcalde contesta que se trata dun camiño e dunha finca privada. Ten os informes técnicos e xurídicos, e como solicitaron licenza para o peche, concedeuse.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que os veciños levan catro anos usando ese camiño, e que agora teñen que ir pasar por un camiño angosto e perigoso. Pregunta se non é certo que estaba previsto que coa aprobación do Plan xeral ese camiño fose cedido para uso público.

O Sr. alcalde responde que o Plan Xeral non está aprobado e que ese camiño é privado.

3ª Ante o malestar xerado entre os veciños/-as, motivado polas obras que se están a realizar na Costa da Tapia, e a coñecida e reiterada falta de información municipal sobre a

actualización do proxecto, e os motivos das súas continuas modificacións, sobre todo a mediana que se está a construír, sen ter en conta a opinión dos máximos afectados (os veciños/-as).

- Está o concello a ter un seguimento do proxecto?
- Mantivo o concello algunha reunión ou informou aos veciños/-as das modificacións do proxecto?
- De ser negativa a resposta, cal é o motivo? E se é afirmativa, con quen se reuniron e que acordos se tomaron?

O Sr. alcalde responde que xa dixo antes que este é un proxecto que está aí, e que ten pendente unha reunión a semana que vén, dos técnicos co director da obra, polo problema da mediana.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito para este pleno

Rexistradas de entrada ao n.º 1917 o día 25 de febreiro de 2008.

1ª Despois de que se suspendese a reunión da Comisión Especial de seguimento do Plan xeral, do pasado día 9 de xaneiro de 2008, para cando ten previsto o Sr. alcalde convocar de novo esa comisión?

Xa está contestada.

2ª Que xestións está a facer o goberno respecto da conservación das marxes do río Mero?

O Sr. alcalde contesta que hai unha reunión pendente porque se tiña presentado un proxecto para facer unhas obras de mellora do río Mero pola Confederación Hidrográfica. Parece ser que está preparado e o que teñen que ver é que Augas de Galicia asuma a súa conservación, porque sería moi custosa para o concello. Pediron unha reunión co director de Augas da Confederación para facer unha reunión a tres bandas.

3ª Unha vez transcorridos dous meses do ano en que andamos, para cando ten previsto o goberno municipal a instalación dos cinco caudalímetros na rede de saneamento que dará servizo a distintos núcleos das parroquias de Sigrás e Anceis?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que, dado o importe estimado, actualmente non se pode facer o investimento. Agardan que cando se aproben os orzamentos se poida executar.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia